



EDICTO

O Pleno deste Concello, na súa sesión do 14 de novembro do 2007, aprobou inicialmente o expediente modificación e aprobación de Ordenanzas Fiscais para o ano 2.008, dos tributos que de seguido se relacionan. Mediante anuncio no B.O.P. nº 222 do 16 de novembro, o expediente foi exposto ó público durante un prazo de 30 días hábiles, sen que nese prazo fose presentada ningunha reclamación contra o mesmo, polo que se considera definitivamente aprobado de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Así mesmo, ós efectos establecidos no artigo 17.4 do citado RDL 2/2004, e 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, publícase o texto íntegro das ordenanzas aprobadas e as modificadas:

Ordenanza Nº 1

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO

1. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitos no termo municipal de Forcarei, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL).

2. De conformidade cos artigos 59.1, 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de Forcarei acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no RDL 1/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos, e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario).

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

4. Conforme ás normas reguladoras do Catastro inmobiliario, serán inmobles de natureza urbana:

- a) O solo clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; os terreos que teñan a consideración de urbanizables segundo o planeamento e estean incluídos en sectores; o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenrole, e que reúna as características do solo urbano segundo a



normativa urbanística. Tamén o será aquel no que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes ás anteriores segundo a lexislación autonómica.

Exceptúanse da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmobles de características especiais.

b) Terán a consideración de construcións :

- Os edificios, calesquera que sexan os materiais de que estean construídos e o uso a que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ao solo e con independencia de que se alcen sobre a súa superficie ou estean enclavados no subsolo e de que poidan ser transportados o desmontados.

- As instalacións industriais, comerciais, deportivas, de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose como tales, entre outras, os diques, tanques, cargaderos, muelles, pantalans e invernadoiros, e excluíndose en todo caso a maquinaria e o utilillaxe.

- As obras de urbanización e de mellora, tales como as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, como son os recintos destinados a mercados, os depósitos ao aire libre, os campos de práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios aos edificios e instalacións.

- Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que regulamentariamente se determinen, sen prexuízo de que o seu valor deba incorporarse ao do ben inmoble como parte inherente ao valor do solo, nin tinglados ou cobertizos de pequena entidade.

5. Terán a consideración de bens inmobles de natureza rústica aqueles que non sexan de natureza urbana nin estean integrados nun ben inmoble de características especiais.

Non obstante, conforme á Disposición Transitoria Primeira do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), ata o primeiro procedemento de valoración colectiva de carácter xeral con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, manterase a natureza dos inmobles que lles corresponda de conformidade coa normativa anterior.

6. Segundo o disposto no artigo 8.1 do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único ben inmoble.

Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

a) Os destinados a produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.

b) A presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.

c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e portos comerciais.

O conxunto complexo susceptible de cualificarse como ben inmoble de características especiais entenderase como un único ben inmoble, con independencia de que poida estar integrado por un ou varios recintos ou parcelas ou da súa configuración territorial, en caso de estar situado en distintos termos municipais.

7. No caso de que un mesmo inmoble se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 3. NON SUXEIÇÃO.

Non están suxeitos a este imposto:



- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- b) Os seguintes bens inmobles propiedade do Concello de Forcarei, enclavados dentro do termo municipal:
 - Os bens inmobles de dominio público afectos a uso público.
 - Os bens inmobles de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
 - Os bens inmobles patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas es as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

Aínda que concorran varias titularidades catastrais nun mesmo ben inmovible, o suxeito pasivo será único: quen figure con esta condición no Ficheiro de remisión do Padrón Catastral anual. Sen prexuízo do anterior o suxeito pasivo poderá ser alterado conforme o disposto no Art. 77.7 da RDL 2/2004, de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Cando se produza a concorrencia de varios titulares catastrais nun mesmo ben inmovible, a Administración Tributaria do Concello proporcionará a información sobre os dereitos de cada titular e a súa cota de participación, segundo os datos contidos no Ficheiro Informático de remisión do Padrón Catastral.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello de Forcarei repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais do Concello.

Así mesmo o substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción os canons que deban satisfacer cada un deles.

3. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ó inmovible que se transmite.

4. Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 5. EXENCIONES.

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá, e ós servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos a defensa nacional.
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.



- c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
- d) Os da Cruz Vermella Española.
- e) Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.
- f) A superficie do montes poboados con especies de crecemento lento, regulamentariamente determinadas, no que o principal aproveitamento sexa madeira ou corcho, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal de especie.
- g) Os terreos ocupados por liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns, ou calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.
- h) Os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 3 €, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 3 euros.

2. Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

- a) Os bens inmobles que se destinen o ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada o ensino concertado.
- b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral ó que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita Lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, ós que reúnan as seguintes condicións: en zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español.
En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos, e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, ou normativa autonómica ó respecto.
- c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS

- 1) Terán dereito a unha bonificación do 90%. na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu



inmobilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2) Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte aquel en que se solicite. Unha vez esgotada a bonificación do 50%, estas vivendas gozarán durante tres exercicios máis dunha bonificación do 25% da cota íntegra.

3) Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agraria e de Explotación Comunitaria da terra. Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de Cooperativas Agraria ou de Explotación Comunitaria de terra, emitido pola administración correspondente.

4) Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estea empadroadado, cas seguintes características;

Nº de fillos	% bonificación si valor catastral menor ou igual que 40.000 euros	% bonificación si valor catastral é superior a 40.000 euros
3	50	35
4	75	60
5 ou mais	90	75

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá presentarse antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos, debendo acreditar:

- a) O empadramento na vivenda obxecto de solicitude.
- b) A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular e a bonificación concedida só producirá efectos no período impositivo para o que se insta a concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, na data anteriormente sinalada, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

ARTIGO 7. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmovibles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

2. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución que legalmente se establece nos artigos 67 a 70 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais). A citada redución será aplicable no caso de ponencias



totais de valores aprobadas ou que se aproben con posterioridade a 1 de xaneiro de 1997. No concello de Forcarei, en tanto non se aprobe unha nova ponencia total de valores, non procederá a aplicación de ningunha redución na base impositiva, sendo, en consecuencia, a base liquidable do imposto idéntica á base impositiva.

ARTIGO 8.COTA TRIBUTARIA.

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,40%.
3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,40%.
4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 1,30%.
5. A cota líquida obterase minorando da cota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 desta Ordenanza.

ARTIGO 9. DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que se produzan efectos catastrais.

ARTIGO 10.XESTIÓN.

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello de Forcarei, e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, a realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.
2. O Concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitios no termo municipal.
3. O imposto xestionase a partir da información contida no Padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ó efecto pola Dirección Xeral do Catastro, se prexuízo da competencia do Concello para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. Dito Padrón conterá a información relativa ós bens inmobles, separadamente para cada clase e será remitido ó Concello antes do 1 de marzo de cada ano.
4. Os datos contidos no Padrón catastral e nos demais documentos citados no apartado anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do imposto sobre Bens Inmobles.
5. Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos á que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acordar o Concello de Forcarei a efectos da liquidación do imposto devengado polo correspondente exercicio, serán comunicadas á Dirección Xeral do Catastro na forma prevista no Convenio de colaboración suscrito.
6. As alteracións relativas ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia a efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de



formaliza-las declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme o establecido nas súas normas reguladoras.

ARTIGO 11. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1. No non previsto na presente Ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na restante lexislación tributaria aplicable.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

3.- A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ordenanza reguladora deste imposto.

INCORPORACIÓN DO ARTIGO 5 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 93 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), aplicaranse de oficio, menos os sinalados nos apartados 1.e, 1.g. de dito artigo.

Declarada a exención, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se presente a solicitude. Excepcionalmente para o vindeiro exercicio, os interesados poderán instar a súa concesión ata o 31 de marzo do 2008.

Para poder aplicar a exención prevista no artigo 93.1 e) do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións que se refire o citado artigo.

Respecto á exención prevista no artigo 93.1 e) do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), xunto coa solicitude de exención, os minusválidos ou discapacitados que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

a) Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Certificado do grao de minusvalía emitido pola Consellería competente da Xunta de Galicia na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.
- Permiso de condución (anverso e reverso)
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa minusválida como condutor e tomador do mesmo, debidamente asinada pola compañía de



seguros e polo asegurado así como ó último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

- DNI ou documento que acredite fidedignamente a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

b) Vehículos destinados a transporte de minusválidos:

- Certificado do grao de minusvalía emitido pola Consellería competente da Xunta de Galicia na que conste ademais do grao de minusvalía, o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro do vehículo a nome do minusválido, como tomador da póliza, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pago a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite fidedignamente a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte de persoa discapacitada.

Por último respecto a exención do apartado 1.g do artigo 93 do RDL 2/2004 de 5 de marzo os interesados deberán presentar a cartilla de inspección agrícola no momento da súa solicitude.

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7 DA ORDENANZAS FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE FORCAREI.

ARTIGO 7. COEFICIENTES DE SITUACIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 87 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL), sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación, aplicarase a seguinte escala de coeficientes que pondera a situación física do local, atendendo á categoría da rúa na que radique. Os coeficientes de situación establecidos neste concello serán os seguintes:

- Rúas de primeira categoría.....1,8
- Rúas de segunda categoría.....1,7
- Rúas de terceira categoría1,6
- Rúas de cuarta categoría1,5
- Rúas de quinta categoría.....1,1

Terán a consideración de rúas de primeira categoría as seguintes:

- Rúa progreso e Regueira de Forcarei; Cta. de Ourense en Soutelo.
- Terán a consideración de rúas de segunda categoría as seguintes:
Rúa Francisco Filgueiras, Rodríguez Fraíz e Ctra. Dúas Igrexas en Forcarei e Parque de Venezuela e Rúa Piscinas e do Colexio en Soutelo.
- Terán a consideración de rúas de terceira categoría as seguintes:
Rúa Estrada en Cachafeiro, e resto de rúas de Forcarei e Soutelo.
- Terán a consideración de rúas de cuarta categoría as seguintes:
O resto de vías dos núcleos rurais



- Terán a consideración de rúas de quinta categoría as seguintes:

Rúas dos Polígonos Industriais da Freixeira, e Vilapouca.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA PARA A PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS RURAIS E VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE FORCAREI, POLO SEU APROVEITAMENTO ESPECIAL

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa para a protección, polo aproveitamento especial, dos camiños rurais e vías públicas de acceso ós ditos camiños do municipio de Forcarei, e aproba o Ordenanza fiscal pola que se ha rexer.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial dos camiños rurais como consecuencia do tránsito ou ocupación dos mesmos por vehículos oruga, vehículos cadeados, camiñs-grúa, camiñs de arrastre sobre firme ou de bandas de rodadura, e en xeral por vehículos industriais cuio peso exceda de 15 toneladas métricas e/ou camiñs con máis de tres eixes.

A efectos da presente Ordenanza enténdese por camiño rural todo camiño de titularidade municipal aberto ó tránsito público para fins agrícolas.

Non constitúe feito imponible o uso de calquera clase de vehículos a motor por camiños, sendas ou calzadas utilizadas para a defensa ou conservación do medio ambiente, o ocio ou o disfrute da natureza, pois tal uso está, en xeral, prohibido, polo que non será obxecto de pago de ningunha taxa, e si de apertura do correspondente expediente sancionador por infracción grave. Non obstante, e segundo as circunstancias tendentes á satisfacción dun interese público, e sempre logo da autorización expresa a outorgar por este Concello, poderá permitirse a circulación de vehículos de ata 12 toneladas para a realización de traballos de conservación, mantemento ou reparación dos ditos camiños, sendas ou calzadas.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente os camiños rurais na forma definida nesta Ordenanza.

Artigo 4º.- RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

A Base imponible e liquidable está constituída polo peso de vehículo (expresada en toneladas métricas (TM)) e a distancia percorrida polo mesmo dentro dos camiños rurais (expresada en kilómetros (Km)).

Artigo 6º.- CUOTA TRIBUTARIA

A contía da taxa ven determinada polo seguinte polinomio:

Cota tributaria = tarifa segundo aproveitamento x peso x distancia percorrida.

DEFINICIÓN DAS CLASES DE APROVEITAMENTO E CADRO DE TARIFAS

- O aproveitamento da LARGA DURACIÓN comprende unha duración superior a seis meses naturais.
- O aproveitamento HABITUAL comprende unha duración de trinta e un días naturais a seis meses naturais.
- O aproveitamento CONTINUADO comprende unha duración de dez días naturais a trinta días naturais.
- O aproveitamento ESPORÁDICO comprende unha duración máxima de nove días naturais.

CLASE DE APROVEITAMENTO TARIFA (EUROS/Tm.Km)

. LARGA DURACIÓN.....	0,025
. HABITUAL.....	0,033
. CONTINUADO.....	0.050
. ESPORÁDICO.....	0,070

Establécese unha cota tributaria mínima de 150, 00 euros por licenza de vehículo autorizado para as dúas primeiras clases de aproveitamento especificadas, sendo tal cota tributaria mínima para o aproveitamento continuado de 75,00 euros, e de 50 euros para o aproveitamento esporádico.

Artigo. 7º.- DEVENGO

O devengo da taxa producirase cando se inicie o aproveitamento especial, sen prexuízo do deber de ingresar con carácter previo o seu importe total, unha vez solicitada a correspondente licenza e, en virtude da mesma, liquidada polo Concello a cuantía da taxa.

Artigo 8º.- RÉXIME DE DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO



Os suxeitos pasivos deben solicitar do Concello, con anterioridade ó inicio da actividade, a LICENCIA para poder realizar o aproveitamento especial obxecto da mesma, na que se especificará o tipo de vehículo, descrición da actividade e tempo de ocupación.

A LICENCIA solicitarase mediante instancia na forma e cos documentos relacionados na Disposición Adicional Terceira desta Ordenanza.

Presentada a instancia, e de conformidade cos trámites e prazos establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, autorizarase ou non a actividade correspondente e, no seu caso, practicarase, polo Concello, a liquidación da TAXA así como da FIANZA a constituír como garantía.

A concesión da licenza quedará condicionada ó pago da TAXA e a constitución da FIANZA.

Os importe da TAXA e da FIANZA ingresaranse en calquera das contas bancarias deste Concello. A fianza poderá, así mesmo, constituírse mediante aval bancario a favor da Corporación local e manterase ata que o Concello autorice a devolución, logo da finalización das actividades e a comprobación do estado da vía ou camiño para determinación do deterioro ou a existencia de danos.

Artigo 9º.- DA FIANZA

A FIANZA responderá dos danos, directos ou indirectos, que puidese ocasionar o exercicio da actividade solicitada e autorizada, e do mantemento e limpeza do itinerario principal polo que se transporte o material.

O importe da fianza supón o 25 % do importe da taxa.

A devolución da fianza, constituída en metálico ou mediante aval bancario, realizarase previa solicitude, a través dunha instancia dirixida ó Concello, indicando a conclusión dos traballos e, no seu caso, a certificación da reparación completa do dano que se requirirá subsanar.

Se transcorrido un mes dende a notificación do requirimento de reparación non se efectuase a mesma, o Concello procederá á execución subsidiaria, a consta e en substitución do particular, deducindo da fianza a cantidade necesaria.

No suposto de que a fianza non chegase a cubrir os gastos de reparación, o Concello esixirá a responsabilidade correspondente, adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da licenza.

Artigo 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Non obstante o anterior, son de aplicación, en todo caso, ademais das normas tributarias, as normas xerais e específicas desta actividade, en canto a súa regulación e sancións, así como as normas previstas nas Disposicións Adicionais Primeira e Segunda desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. SOBRE CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS



1.- A conservación dos camiños rurais do municipio de Forcarei será por conta do Concello do mesmo nome, empregando os recursos humanos e materiais necesarios.

2.- Con razón ás características de configuración e natureza de camiños rurais, o seu uso será esencialmente agrícola, sen prexuízo da autorización de paso, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) para uso exclusivo de camiños rurais por vehículos agrícolas ou automóbiles, dos titulares dos predios para dar servizo agrícola o seu terreo, sempre que non exista outro paso viable para acceder a el.
- b) Establécese un límite de velocidade de paso máxima de 30 km/h e de peso máximo de 15 Tm.
- c) Prohíbese en xeral, o uso e circulación de vehículos que o seu uso sexa diferente ó agrícola, tanto para competicións deportivas como lúdicas, como transporte de mercancías ou de viaxeiros en xeral; podéndose autorizar, non obstante, e de forma excepcional e se mediaran intereses públicos, a circulación de vehículos destinados ó mantemento, conservación ou reparación das vías ou camiños, calzadas ou sendeiros, sempre que tales vehículos non excedan dun peso de 15 Tm.
- d) Prohíbese a ocupación da vía pública sen autorización expresa.
- e) Poderá autorizarse expresamente (mediante licencia, outorgada con carácter previo ó inicio da actividade correspondente) o tránsito ou ocupación dos camiños rurais por vehículos oruga, vehículos cadeados, camións-grúa, camións de arrastre sobre firme ou de bandas de rodadura, e en xeral por vehículos industriais que o seu peso exceda de 15 Tm. e camións con máis de tres eixes.

3.- O Concello inspeccionará regularmente o estado dos camiños da súa titularidade. No caso de que exista deterioro do camiño como consecuencia da súa ocupación ou uso, notificarao de forma fidedigna ó causante do mesmo coa fin de que proceda a súa reparación, repoñendo o seu estado orixinal. Transcorrido un mes dende a notificación sen proceder á reparación, o Concello executará subsidiariamente o necesario, a consta do causante.

O Concello adoptará as medidas oportunas para que os camiños non sexan utilizados para fins distintos dos autorizados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. RÉXIMEN SANCIONADOR POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS

A infracción do disposto na Disposición Adicional Primeira sancionárase:

- Con multa de 1.200,00 euros a quen, tendo permiso para circular pola zona de prohibición, non presente o dito permiso no acto de requirimento do axente ou autoridade que o solicite.
- Con multa de 1.500,00 euros a quen circule pola zona de prohibición sen estar autorizado expresamente, incrementándose a multa nun 5 % por cada tonelada de PMA do vehículo autorizado.

As presentes sancións son acumulables.

O titular do vehículo, debidamente requirido para elo, ten o deber de identificar ó responsable da infracción e, se incumpriera esta obriga no trámite procedimental oportuno sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor da falta.



Nos mesmos termos responderá o titular do vehículo infractor cando sexa posible notificar a infracción ó condutor que aquel identifique, por causa imputable a dito titular.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. DA LICENCIA PARA A OCUPACIÓN DE CAMIÑOS RURAIS

Na instancia de solicitude de licencia farase constar:

- a) Dimensións totais do vehículo traballando, é dicir con estabilizadores estendidos ou plataformas estendidas, longo, ancho, alto e peso máximo autorizado do mesmo.
- b) Tempo previsto de tránsito e ocupación da vía.
- c) Día e hora ou datas no que pretende realizar o servizo.
- d) Peso do vehículo, con carga máxima autorizada e en bacío.
- e) Itinerario principal a percorrer e alternativas, se procede, ó obxecto da utilización.

Coa instancia será necesario acompañar os seguintes documentos:

- 1.- Seguro de R.S. do vehículo
- 2.- Tarxeta de transporte en vigor
- 3.- Documento acreditativo de haber efectuado as revisións técnicas legalmente esixibles.

Ademais dos documentos reseñados nos parágrafos precedente, poderá requirirse calquera outro que se xulgue necesario polos Servizos Técnicos deste Consistorio en atención ás circunstancias especiais de cada caso.

Obtida no seu caso a autorización, será obrigación do autorizado:

- A) A sinalización adecuada do vehículo e dou seu tránsito ou ocupación da vía, así como dos desvíos do tráfico rodado e peatonal a que houbera lugar.
- B) A adopción de cantas medidas fosen necesarias para salvagardar a integridade física dos demais vehículos viandantes, así como a reposición da vía ó estado orixinal que tivera, sendo da exclusiva responsabilidade do autorizado tódolos danos e prexuízos que a súa actuación xere.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza aprobase polo Concello Pleno o día 14 de novembro do 2007 e entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Forcarei, 26 de decembro de 2007.

O Alcalde,

Asdo: David Raposeiras Correa.



MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Engádese o artigo 11.-

Establecer o coeficiente 1,00, previsto na Disposición Transitoria Decimo oitava do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Engádese no artigo 6 (Bonificacións) o apartado 5.-

Establecer, en virtude do previsto no artigo 74 RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, unha bonificación do 60% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles ubicados nos núcleos rurais do Concello, pola súa vinculación a actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal ou análoga e por dispoñer dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos inferior a existente nas áreas urbanas. Esta bonificación incluírá aqueles inmobles existentes fora do ámbito de delimitación do solo definido na citada ponencia en aplicación do disposto na Disposición Transitoria 1ª do RDL 1/2004. Quedan exceptuados desta bonificación o solo declarado urbano no vixente Plan Xeral de Ordenación nos núcleos urbanos de Forcarei, Soutelo de Montes e Cachafeiro.